



CIRCULAR INFORMATIVA 9/2018

IMPORTANTE – PROTECCIÓN DE DATOS

PROTECCIÓN DE DATOS. ACTUALIZACIÓN DA POLÍTICA DE PRIVACIDADE

Co obxectivo de seguir ofrecendo un servizo de calidade a todos os nosos colexiados e colexiadas, por medio desta circular informámosvos da actualización da nosa política de privacidade e protección de datos.

O Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), de aplicación en toda a Unión Europea, requírenos a todas as entidades un maior grao de supervisión no tratamento dos datos. Neste sentido, adoptamos as medidas necesarias para revisar e, de ser o caso, adecuar os nosos controis internos aos novos requisitos, sempre co fin de salvagardar os datos e protexer a privacidade dos colexiados.

Para adaptarnos a estas novas esixencias normativas, non foi preciso realizar grandes cambios nas medidas aplicables ao tratamento dos datos, xa que fomos e seguimos a ser rigorosos nos procesos en que se trata esta información. Pero, ademais, pretendemos que sexa sinxelo comprender que tipo de información recolleemos, por que o facemos, cales son os dereitos respecto dos datos e como exercitalos. Para iso sintetizamos e melloramos a maneira en que describimos estas cuestións, así como quen é o responsable do tratamento, o tempo durante o que tratamos os vosos datos ou a lexitimación para o tratamento.

Por todo isto, convidámosvos a que leades a nosa política de privacidade actualizada.

Política de privacidade*1. Responsable do tratamento*

Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (en diante ICA Santiago)

CIF: Q1563003A

Domicilio social: rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo, 15702 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 581 713

Correo el.: icas@icasantiago.org

Así mesmo, informámosvos de que contamos cun **delegado de protección de datos** (DPD) que vela polo cumprimento da normativa de protección de datos no ICA Santiago. Os seus datos de contacto son:

Conversia Professional Group, SLU

CIF: B17962655

Teléfono: 902 877 192

Correo el.: dpo.cliente@conversia.es





CIRCULAR INFORMATIVA 9/2018

2. Finalidades do tratamento de datos

O tratamento de datos realízase coas seguintes finalidades, en función do motivo polo que nos foron facilitados:

- Xestionar e ofrecer os distintos servizos que o ICA Santiago presta aos seus colexiados.
- Xestionar o servizo de asistencia a persoas detidas e da quenda de oficio.
- Contactar co remitente da información, dar resposta á súa solicitude, petición ou consulta, así como xestionar a publicación de consultas e comentarios e facer un seguimento posterior.
- Xestionar e levar a cabo a prestación contratada polo usuario e, de ser o caso, a súa facturación e cobramento.
- Xestionar, de ser o caso, os procesos de rexistro do usuario na páxina web e no correo electrónico icasantiago.org.
- Xestionar, de ser o caso, os procesos relacionados coas actividades de formación.
- Crear, de ser o caso, o perfil de usuario para ofrecerlle contidos, produtos e servizos dun modo personalizado.
- Valorar e xestionar, de ser o caso, o seu curriculum vitae para procesos de selección que se adapten ao seu perfil profesional e levar a cabo as actuacións necesarias para a selección e contratación de persoal.

3. Duración do tratamento de datos

Os datos para a xestión dos servizos colexiais serán conservados durante todo o tempo que o colexiado estea de alta no ICA Santiago. Unha vez finalizada a dita relación, os datos poderán ser conservados durante o tempo esixido pola lexislación aplicable e ata que prescriban as eventuais responsabilidades derivadas desta.

4. Lexitimación para o tratamento de datos

A base legal para o tratamento de datos obedece á execución da prestación dos servizos que ofrece esta entidade aos seus colexiados.

5. Comunicación dos teus datos

Os datos poderán ser comunicados ás seguintes entidades:

- Ao Consejo Genegal de la Abogacía Española, á Mutualidad de la Abogacía, ao Consello da Abogacía Galega e aos órganos xudiciais.



CIRCULAR INFORMATIVA 9/2018

- Á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta da Dirección Xeral de Xustiza, en relación cos asuntos tramitados dende o Servizo de Orientación Xurídica do ICA Santiago.
- Ás entidades financeiras a través das que se articule a xestión de cobramentos e pagamentos.
- Á corretoría e á compañía aseguradora do seguro de responsabilidade civil e doutros seguros colexiais.
- Ás administracións públicas competentes, nos casos previstos na lei e para os fins nela establecidos.

6. Os teus dereitos

Todos os colexiados que nos faciliten os seus datos teñen os seguintes dereitos:

- Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando datos persoais que lle concirnan. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos que non sexan exactos ou, de ser o caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos.
- Nas condicións previstas no RXPd, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos ou a súa portabilidade, en cuxo caso unicamente os conservaremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións.
- En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. No caso de que fose outorgado o consentimento para algunha finalidade específica, a persoa interesada terá dereito a retiralo en calquera momento, sen que iso afecte a licitude do tratamento baseado no consentimento previo á súa retirada. Nestes supostos deixaremos de tratar os datos ou, de ser o caso, deixaremos de facelo para esa finalidade en concreto, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións.
- Todos os dereitos mencionados poden exercerse a través dos medios de contacto que figuran no apartado “Responsable do tratamento” desta política de privacidade.
- Fronte a calquera vulneración dos teus dereitos, especialmente cando a persoa interesada non obtivese satisfacción no seu exercicio, poderase presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (datos de contacto accesibles en www.agpd.es) ou ante outra autoridade de control competente. Tamén se poderá obter máis información sobre os dereitos que asisten dirixíndose aos ditos organismos.

7. Datos de terceiros

No caso de facilitar datos de terceiros a esta entidade, a persoa interesada asume a responsabilidade de informalos previamente de todo o previsto no artigo 14 do Regulamento xeral de protección de datos nas condicións establecidas no dito precepto.



CIRCULAR INFORMATIVA 9/2018

Para aclarar calquera dúbida ao respecto da política de privacidade, poderase contactar co secretario técnico do ICA Santiago, que é a persoa encargada do tratamento de datos (Manuel Arza: st.gerente@icasantiago.org).